

SEMANA EUROPEA DA MOBILIDADE CARBALLO

DO 13 AO 22 DE SETEMBRO DE 2023

DO 18 AO 22 DE SETEMBRO

Proxecto experimental de liña circular para comunicar a zona urbana co polígono industrial de Bértoa coa finalidade de reducir a utilización do vehículo privado durante a Semana da Mobilidade



SUBE AO BUS URBANO!



#SEM2023
#MOBILITYWEEK



SEMANA EUROPEA DA MOBILIDADE

PROGRAMA

DO 13 AO 22 DE SETEMBRO DE 2023

Mércores 13 de setembro. 17:00 -19:00 h

Obradoiro de seguridade viaria Apego. Obradoiro para familias do programa Apego, en colaboración co Servizo de Normalización lingüística, Policía Local e Club Ciclista Carballo. Planta alta do mercado municipal, onde se instalará un circuíto de seguridade viaria.

Xoves 14 e xoves 21 de setembro. Toda a mañá.

Á Feira en bici. As persoas que se acheguen en bicicleta ata o edificio do mercado municipal serán agasalladas cun lote de produtos relacionados coa mobilidade e o proxecto Cicl-Ando Carballo.

Venres 15 de setembro. Día das mascotas. 19:00 - 20:30 h

Andaina Cicl-Ando Carballo pola senda do polígono. Saída da Rúa Perú cara o polígono de Bértoa pola senda paralela á Av. de Razo, regresando pola zona verde do polígono e Av. de Bértoa. **Trae o teu can!**

Sábado 16 de setembro. 10:30 - 13:00 h

Ruta en bicicleta Cicl-Ando Carballo. Saída do aparcadoiro da rúa Perú. Ruta en bicicleta organizada polo Concello e coordinada polo Club Ciclista Carballo para persoas maiores de 6 anos, polas sendas Cicl-Ando Carballo. Xornada recreativa para pasear en bicicleta en familia e ao mesmo tempo coñecer as posibilidades de comunicación que ofrece a ruta.

Domingo 17 de setembro. Día sen coches

Andaina Cicl-Ando. 9:30 – 14:00 h. Percorrido: Rúa Perú – Razo – Rúa Perú. Andaina aberta á participación de persoas de todas as idades para coñecer as posibilidades que ofrecen as rutas Cicl-Ando Carballo para a comunicación a pé ou en bicicleta co polígono industrial de Bértoa e a praia de Razo.

Día sen coches. Mañá e tarde. Peche de rúas ao tráfico a motor para ocupalas con distintas actividades: xogos xigantes, xincana ciclista, xogos de rúa... Xornada lúdica para que a veciñanza recupere por un día o espazo cedido aos vehículos a motor.

Ruta en bici por Sísamo. Saída ás 10:30 h. Organiza A.V.V. Santiago Apóstol de Sísamo. Ruta en bicicleta por distintos lugares da parroquia.



Luns 18 de setembro. A Praza do Concello é túa!

Xogo Cicl-Ando Carballo. 17:00 - 20:00 h. Actividade de presentación do xogo de mesa Cicl-Ando Carballo para todos os públicos. Os/as participantes deben responder correctamente unha serie de preguntas relacionadas coa mobilidade sostible para avanzar ata a casilla de meta e gañar a partida.

Circuíto de seguridade viaria para nenas e nenos. 17:00 - 20:00 h. Coordina o Club Ciclista Carballo en colaboración coa Policía Local. Nenas e nenos poderán practicar coas súas bicicletas e patinetes polas rúas dunha cidade simulada con apoio de monitores e axentes para que aprendan a moverse con seguridade.

Martes 19 de setembro. Día da accesibilidade.

Por un Carballo máis accesible. En colaboración coa Asociación Íntegro. Pola mañá, campaña de visibilización e concienciación sobre o uso das prazas de estacionamento reservadas a persoas con mobilidade reducida, e pola tarde, actividade de divulgación na Praza do Concello.

De ruta con Senda Nova. 17:30 – 20:30 h. Saída da Ponte de Bértoa. Paseo pola beira do río Anllóns, aproveitando un treito da Ruta dos Muíños do Pan para dar a coñecer unha senda peonil que discorre en plena natureza e a riqueza da fauna e flora dese tramo do río. Colabora a Asociación Ambiental Senda Nova.

Mércores 20 de setembro. 19:30 - 20:30 h

Ruta urbana en bicicleta. Percorrido en bicicleta para persoas de todas as idades polo casco urbano unindo os principais edificios públicos. Saída da Praza do Concello.

Venres 22 de setembro. 19:30 - 20:30 h

Ruta literaria. Acto inaugural de presentación da Ruta literaria de Carballo e percorrido guiado por un treito urbano da nova ruta. Organiza a Concellaría de Bibliotecas.